

Aceptación de condicións de participación, obriga de información e consentimento informado

Acepto o compromiso de declaración responsable de saúde, así coma as condicións de participación e o consentimento informado nos seguintes termos:

- 1. A persoa participante non está diagnosticada de Covid-19, non presenta sintomatoloxía asociada a este virus (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) nin a presentou nos 14 días previos á data de entrada nesta actividade e non padece ningunha outra enfermidade contaxiosa.
- 2. A persoa participante non convive con ninguén afectado polo Covid-19 nin estivo en contacto estreito nin compartiu espazo sen gardar a distancia interpersoal cunha persoa afectada polo Covid19, nos 14 días previos á entrada nesta actividade.
- 3. Comprométome a notificar inmediatamente á organización calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade.
- 4. No caso de ser a persoa participante vulnerable e/ou convivinte cunha persoa vulnerable, declaro que son consciente do risco que corre tanto a persoa vulnerable participante como as persoas vulnerables coas que convive.
- 5. Coñezo e asumo con responsabilidade as indicacións e obrigas en materia de distancia de seguridade e uso de máscaras, así como todas aquelas recomendacións das autoridades sanitarias en atención á normativa vixente e á súa evolución.
- 6. Son consciente dos riscos que implica, para a persoa participante e para as persoas que conviven con el, a participación na actividade no contexto da crise sanitaria provocada polo COVID-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

Aconséllase ás persoas participantes e ás persoas proxenitoras ou titoras de participantes menores a consulta dos tutoriais do Sergas e do Ministerio de Sanidade disponibles nestes enlaces:

<https://coronavirus.sergas.gal/>

<https://www.mschs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/home.htm>

Política de privacidade

Acepto a política de privacidade que se indica neste folleto, imprescindible para poder prestar o servizo no que se fai esta inscrición.

O Concello de Oleiros, en cumprimento do deber de informar establecido na Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais (en diante LOPDGDD) en concordancia co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (en diante RGPD) e demais normativa concordante sobre a materia ínfornalle:

Que os datos achegados por vostede neste formulario serán utilizados para a xestión da prestación do servizo de actividades de verán municipais.

Ademais da finalidade principal, o tratamento dos datos implica as seguintes finalidades adicionais:

- Facilitar ás persoas interesadas información sobre as diversas actividades e servizos municipais.
- Xestión e organización das actividades por parte do Concello e as empresas adjudicatarias.

Para poder proporcionarlle o dito servizo é imprescindible o traslado dos seus datos persoais á empresa contratista adjudicataria do servizo, á entidade bancaria que vostede nos sinala, así como –no seu caso– ás compañías de seguros contratadas polo Concello para asegurar os riscos na prestación do servizo, e a outras Administracións públicas en cumprimento de obrigas legais de información, de acordo coa normativa vixente.

Os datos serán almacenados durante o tempo necesario para poder cumprir coas obrigacións legais que encomenda a normativa administrativa, e sempre, cumprindo polo menos co tempo mínimo de conservación da información. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

É responsable dos datos o Concello de Oleiros, con enderezo en Praza de Galicia, 1, 15173 Oleiros, e con número de teléfono 981 610 000; correo electrónico: alcaldia@oleiros.org

A persoa interesada terá dereito a acceder aos seus datos persoais así como a solicitar a rectificación dos datos persoais inexactos que lle concernan ou, no seu caso, solicitar a supresión cando os datos xa non sexan necesarios en relación cos fins para os que foron recollidos. Poderá, asemade, retirar o seu consentimento, sen prexuízo de que esta administración se poida negar a suprimir os datos, entre outros motivos, por fins de arquivo en interese público.

Así mesmo as persoas interesadas teñen dereito, en determinadas circunstancias, a solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso os devanditos datos só poderán ser obxecto de tratamento, con excepción da súa conservación, co consentimento do interesado ou para a formulación, o exercicio ou a defensa de reclamacións ou con miras á protección dos dereitos doutra persoa física ou xurídica ou por razóns de interese público. (Pode solicitar a limitación do tratamento dos datos nas circunstancias indicadas no artigo 18 do RGPD).

Pode exercitar os seus dereitos relativos á Protección de Datos mediante escrito dirixido a este concello, xa sexa por vía electrónica ou presentado presencialmente nas oficinas de Rexistro sitas no enderezo sinalado anteriormente.

Poderá presentar reclamación ante a Autoridade de Control en materia de Protección de Datos competente, especialmente cando non obteña satisfacción no exercicio dos seus dereitos, mediante un escrito dirixido á Axencia Española de Protección de Datos, R/Jorge Juan núm. 6, 28001 Madrid ou ben accedendo á súa sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/>



O programa realizarase nas piscinas de Perillo, Oleiros e Dorneda desde o 1 de outubro de 2020 ata o 31 de maio de 2021

Concello de  Oleiros

OLEIROS **DEPORTE**



Xovenforma Programa Xuvenil de acondicionamento físico

INSCRIPCIÓN PROGRAMA XUVENIL DE ACONDICIONAMENTO FÍSICO
CURSO 2020/2021 • Prezo público: 8 euros/mes

PISCINA OLEIROS

HORARIO	LUNS	MÉRCORES	XOVES	VENRE
18:00 - 19:00		Body Box		
18:30 - 19:30	Zumba		Zumba	Cardio

PISCINA PERILLO

HORARIO	MARTES	MÉRCORES	VENRES
17:00 - 18:00		Adestramento en Suspensión	
18:00 - 19:00	Zumba		Zumba

PISCINA DORNEDA

HORARIO	MÉRCORES	XOVES	VENRES
17:00 - 18:00			Cross Gym
17:30 - 18:30	Zumba	Zumba	

Normativa de inscrición e sistema de pagamento:

- **Prazo de inscrición** comezará o **1 de setembro** e será por orde de chegada.
- Hai que presentar a inscrición nas oficinas do Servizo Municipal de deportes do Centro Municipal da Fábrica e deberá presentar a solicitude da mesma por rexistro. Tamén poderá inscribirse enviando a solicitude no seguinte correo **deportes@oleiros.org**
- **Para darse de baixa** no Programa, deberase presentar a solicitude da mesma, e entregala no Servizo Municipal de Deportes do Centro Municipal A Fábrica, antes do día 20 do mes anterior ao que se desexa causar baixa.
- **Sistema de pago** será por domicialización bancaria.
- Prezo público

8
euros/mes

Programa Base

CARDIO: Actividade cardiovascular orientada á mellora da resistencia aeróbica a través de actividades como o bike indoor, Bodybox ou Step.

ZUMBA: Actividade aeróbica coreografiada que usa como base musical ritmos latinoamericanos.

BODY BOX: Actividade cardiovascular que mestura exercicio físico con artes marciais e movementos a base de puños e patadas.

ADESTRAMENTO en SUSPENSIÓN: Acondicionamento físico en base ao traballo da forza e resistencia muscular, utilizando exercicios de autocarga en suspensión (TRX).

CROSS GYM: Sistema de adestramento que mellora todas as cualidades físicas básicas (forza, resistencia cardiovascular, velocidade, flexibilidade, potencia, resistencia á forza, equilibrio, coordinación, etc.). É un sistema baseado en levantamentos de cargas, exercicios ximnásticos e acondicionamento cardiovascular.

Programa Avanzado

FITNESS XUVENIL: Programa de iniciación ao adestramento en sala fitness dirixido exclusivamente a rapaces e rapazas entre 2006/2005. Poderán acceder a él os rapaces e rapazas que teñan unhas destrezas e nivel físico básico suficiente a xuízo dos responsables do programa. O programa estrutúrase en 3 partes.

- **Primeira fase:** Consta de una entrevista persoal de 30 minutos (outubro) onde se plantexarán os obxectivos da actividade e se deseñará un plan de traballo.

- **Segunda fase (tutelada):** Terá unha duración de tres meses (novembro, decembro e xaneiro), nos seguintes Centros e horarios:

De 16:30 a 17:30 h. nos Centros Deportivos de:

Dorneda: Martes, xoves e venres **Oleiros:** Luns e mércores.

- **Terceira fase:** A partir dos 3 meses de tutelaxe poderán comezar a utilizar a sala fitness de xeito autónomo. Os horarios indicados para elo serán de luns a venres, entre 15:30 a 18:30 h.

Destinatarios

Poboación xuvenil entre 2008/2003 (agás programa avanzado 2006/2005).

Nome e apelidos da persoa participante

Data de nacemento..... DNI.....

Centro escolar

AUTORIZACIÓN DA NAI/PAI OU TITOR/A

Nome e apelidos

Enderezo

CP Poboación

DNI Tel. 1: Tel. 2:

Enderezo electrónico

Solicita: Que os recibos correspondentes ao prezo público da actividade Programa Xuvenil de Actividade Física, sexan presentados a cobro na entidade bancaria que se solicita.

CÓDIGO CONTA CLIENTE IBAN

.....

Autorizo a que sexan realizadas fotografías ou gravacións do meu fillo/a ou representado/a participando nas actividades ás que se inscribe, que se pasará a formar parte dos arquivos gráficos das actividades do Concello e poderán ser compartidas nun arquivo gráfico con outros/as participantes ou utilizadas nas publicacións municipais, tanto impresas como electrónicas

Asdo. nai/pai ou titor/a

Oleiros, a..... de..... de 20

Nota informativa: En cumprimento da lei orgánica 15/1999 de 13 de decembro, informámolo de que os datos persoais desta solicitude pasarán a formar parte dun ficheiro propiedade do Concello de Oleiros, con respecto ao cal poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, nos termos establecidos na normativa vixente, mediante un escrito presentado no Rexistro Municipal ou por correo ordinario dirixido ao Centro Cultural A Fábrica (Rúa do Inglés, nº13 – 15172 Perillo – Oleiros) acompañado da fotocopia do DNI ou dun documento equivalente.